

REGULAMENTO SOBRE DOBRES TITULACIÓNS E SIMULTANEIDADE DE ENSINANZAS OFICIAIS NA USC

(Aprobado polo Consello de Goberno do 27/03/2015)

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, reconece á autonomía universitaria a capacidade para a elaboración de plans de estudo e a admisión dos estudantes, de acordo coa normativa ao respecto.

O novo marco normativo que regulado polo Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, na redacción dada polo Real Decreto 861/2010 de 2 de xullo, e o RD 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan os estudos oficiais de doutoramento permiten unha maior flexibilidade na organización dos programas de estudos polas universidades nos tres ciclos (Grao, Máster e Doutoramento) facilitando a diversificación curricular e permitíndolle ás universidades aproveitar mellor as súas capacidades en todos os ámbitos, innovación, optimización de recursos, mellora da oferta, etc.

Con este regulamento preténdese que o alumnado que cumpra os requisitos de acceso as titulacións de Grao ou de Máster, poida ser admitido para cursar simultaneamente dúas titulacións oficiais do mesmo ciclo.

CAPITULO I. PROGRAMAS DE TITULACIÓNS DOBRES

Artigo 1. Definición

Estes programas constitúen unha oferta educativa dirixida aos estudantes que desexen obter unha formación integral en dúas titulacións do mesmo ciclo, que forman un programa curricular único que deberá ser aprobado polo Consello de Goberno da USC.

Este programa non constitúe unha nova titulación, senón que permite cursar simultaneamente dúas titulacións e ao finalizar o programa obter os dous títulos. Polo tanto, non se trata de elaborar un novo programa de estudos senón de integrar os contidos propios de cada unha das titulacións (materias, rama de coñecemento, etc) segundo figura nos respectivos planos de estudo.

Artigo 2.- Sistemas para cursar programas de dobres titulacións

O alumnado que cumprindo os requisitos de acceso a un ciclo de ensinanzas oficiais, desexe realizar un programa de titulación dobre do

mesmo ciclo, que lle permita acadar un título en cada unha delas poderán facelo ao través dalgún dos seguintes sistemas:

- a) Programas integrais entre centros da USC.
- b) Programas interuniversitarios con universidades españolas; neste caso terán preferencia as universidades do SUG.
- c) Programas interuniversitarios con universidades estranxeiras.
- d) Programas para persoas de altas capacidades (simultaneidade de estudos)

CAPITULO II.- PROGRAMAS INTEGRAIS

Artigo 3. Programas integrais entre centros da USC

Deberán ser propostos polos órganos académicos responsables de dúas titulacións oficiais do mesmo ciclo (Xuntas de Facultade, Comisións Académicas de Máster). Serán aprobados polo Consello de Goberno, previo informe da Comisión de Titulacións (grao e máster).

A elaboración do programa realizarase atendendo ás seguintes premisas:

- a) Establecerá unha planificación simultánea na que se integren as materias e contidos dos dous programas de estudo, indicando os recoñecementos de créditos que procedesen así como a secuencia planificada por cursos e semestres dos posibles itinerarios que deba cursar o alumnado para obter os dous títulos.
- b) O programa integral terá unha **duración adicional** en función do número de créditos ECTS necesarios para obter o título de cada unha das ensinanzas que constitúen o programa:
 - Cando as titulacións de grao do programa teñan o mesmo número de créditos, a duración adicional estará entre os 90 e os 120 créditos ECTS, cun período temporal de entre dous e catro semestres. Excepcionalmente, poderá superarse o límite de 120 créditos se se considera conveniente e así se xustifica na proposta do programa.
 - Cando as titulacións de grao teñan un número de créditos ECTS distinto, (ex. unha 300 ECTS e outra 240 ECTS), a duración adicional do título con menor número de créditos deberá ser de 4 semestres, aínda que se poderá exceptuar en casos xustificadas. Así mesmo, deberá cursarse de xeito adicional un mínimo de 120 ECTS.

- Para os másteres a duración adicional será como mínimo dun semestre (30 ECTS)
- c) A oferta deberá eliminar as duplicidades de materias/ou contidos existentes nas dúas titulacións, estas materias ofertaranse mediante o sistema de Inclusión. En todo caso a Inclusión primaria será sempre a materia con maior amplitude nos seus contidos e maior número de créditos ECTS.
- d) O programa integral de dobre titulación poderá definir, de selo caso, unha orde de prelación nas titulacións atendendo á carga lectiva común no programa de cada unha delas, titulación (A) e titulación (B).
- e) Como norma xeral corresponderá ao centro ou á Comisión Académica que participa no programa integral, cuxo título teña a maior carga lectiva no programa, as competencias relativas á programación docente: programación das materias, horarios, sistema de avaliación, reclamacións do alumnado, etc. Non obstante o anterior, os centros que participan no programa poderán acordar outra designación.
- f) O Centro ou Centros, ou as Comisións Académicas nomearán a un/unha dos/as coordinadores/as das dúas titulacións como coordinador/a do programa curricular único, que será o responsable do programa nas dúas titulacións. Esta coordinación tamén podería realizarse de forma rotatoria por centro e/ou por titulación se así se acorda polos órganos responsables do programa.

Artigo 4. Admisión de estudantes

O procedemento de admisión no programa integral de dobre titulación entre centros da USC será o ordinario de prescrición establecido con carácter xeral pola propia Universidade.

Só os estudantes que reúnan os requisitos académicos de acceso a ámbas as dúas titulacións poderán ser admitidos no programa, agás o establecido na disposición adicional primeira.

A oferta de prazas xestionarase como se fose unha única titulación e de forma separada das titulacións que o conforman.

O número de prazas ofertadas de acceso ao programa deberá ser aprobado polo Consello de Goberno, seguindo o mesmo proceso e procedemento que para as titulacións únicas.

Artigo 5. Matrícula e expedientes

A matrícula realizarase no programa segundo as normas que aos efectos establece a Universidade.

O número de créditos de primeiro ano dos que se matricula o alumnado por primeira vez nos programas integrais de dobre titulación será, como mínimo, o establecido na memoria do programa para dito ano e, como máximo, de 75 ECTS.

No resto dos cursos de continuación do programa o número de créditos ECTS a matricular virán determinados no itinerario que se lle propón ao alumnado. Non obstante o máximo de créditos ECTS a matricular por un alumno nun programa de dobre titulación non poderá superar os 90 créditos ECTS por curso académico.

Artigo 6. Verificación dos coñecementos (cualificacións)

O alumnado só renderá exame nas materias do programa, de xeito que as cualificacións obtidas surtirán efectos nos dous títulos cando se trate de materias equivalentes (inclusións con materias incluídas).

No programa deberá indicarse se os estudantes deben presentar un traballo fin de grao/máster para cada titulación ou, se polo contrario, poden presentar un único traballo de fin de grao/máster que abrangue as competencias e contidos das dúas titulacións; neste caso a normativa pola que se regule a defensa do traballo, será a que determinen os responsables do programa de simultaneidade.

Igualmente no caso da realización de prácticas externas deberá indicarse a posibilidade de realizarse de xeito único para as dúas titulacións ou de xeito independente para cada unha delas.

Artigo 7. Bolsas e axudas

Aos efectos da solicitude de bolsas ou axudas, os estudantes serán considerados, con carácter xeral, vinculados á titulación na que reúnan os requisitos para a súa concesión. No caso de que os requisitos os reúnan en ámbalas dúas deberán optar por unha delas, de non o facer serán asignados á titulación con maior carga lectiva no programa.

Para os efectos de participación en órganos de goberno serán considerados estudantes da titulación con maior carga lectiva no programa.

Artigo 8. Expedición do título e do Suplemento Europeo ao Título.

A expedición dos títulos obtidos ao abeiro do programa realizarase consonte á normativa vixente.

Os títulos que se expidan acompañaranse do correspondente Suplemento Europeo ao Título no que se reflectirá todo o relativo a cada un dos títulos segundo a normativa vixente.

Artigo 9. Prezos Públicos

Os prezos públicos pola prestación do servizo académico serán os establecidos anualmente mediante decreto do Goberno da Comunidade Autónoma.

A liquidación destes prezos determinarase na correspondente Convocatoria de matrícula, e nas resolucións e instrucións que, de ser o caso, deban ditarse para a aplicación do Decreto.

Artigo 10. Abandono dunha das dúas titulacións do programa integral

1.- Cando un estudante decida abandonar os estudos dunha das titulacións e continuar coa outra, as materias que tivese superadas na titulación que abandona poderán ser transferidas ao SET, e non terían efecto no expediente para o remate da titulación, ou recoñecidas polas materias de formación básica, obrigatorias ou optativas da titulación que decida continuar consonte á normativa da USC.

2.- Respecto da permanencia seralles de aplicación ás normas que ao respecto ten aprobadas a USC, sen embargo tendo en conta a singularidade do programa establécense as seguintes excepcións:

a) No caso de esgotar convocatorias nunha materia que está no programa das dúas titulacións, o alumnado poderá solicitar a continuación doa estudos nunha das titulacións, para o que se realizarán os correspondentes recoñecementos. Neste caso considerase esgotada a permanencia na titulación que abandone.

b) Se a materia coas convocatorias esgotadas pertence a unha única titulación poderá continuar os estudos na outra titulación seguindo o mesmo procedemento, considerando esgotada a permanencia na titulación á que pertence a materia coas convocatorias esgotadas.

Artigo 11. Extinción do programa integral

O Programa integral de dobres titulacións deberá establecer a forma na que se extingue na memoria que deba aprobar o Consello de Goberno

Extinguído o programa, o estudante poderá matricularse, á súa elección, en calquera das dúas titulacións para continuar os estudos. Non obstante, e unha vez finalizados estes estudos poderá formalizar matrícula na segunda titulación ata a súa finalización.

Corresponderá á Vicerreitoría con competencias na materia a posibilidade de reorganizar os grupos de docencia en función da evolución real da matrícula a proposta do coordinador da titulación.

CAPITULO III PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS POR CONVENIO DE DOBRE TITULACIÓN

Artigo 12. Programas interuniversitarios con universidades españolas e/ou estranxeiras para obtención de dobres titulacións.

Estableceranse mediante Convenios aprobados polo Consello de Goberno con outras universidades españolas ou estranxeiras, para que os estudantes dunha titulación oficial da USC e doutra titulación oficial do mesmo ciclo na outra universidade, poidan acceder a obter simultaneamente ámbolos dous títulos. A estes efectos o Convenio debería regular os seguintes aspectos:

- Constancia do carácter oficial das titulacións das dúas universidades
- Táboa coas materias que deben ser superadas na universidade de orixe como requisito previo para a continuación de estudos na universidade de acollida.
- Táboa coa secuencia de semestres nos que se deben cursar as distintas materias nas universidades.
- Táboa de recoñecementos de materias en cada universidade para a continuación de estudos na universidade de acollida.
- Sistema de cualificación e a súa equivalencia ao sistema español no caso dos Convenios con universidades estranxeiras.

- Descrición do sistema de créditos e a súa equivalencia entre os sistemas de educación superior das institucións participantes cando as universidades non pertencen ao EEES.
- Sistema de expedición dos títulos.
- Comisión de seguimento de cumprimento do Convenio de dobre titulación.

Artigo 13. Reciprocidade

Os Convenios de dobres titulacións poderán formularse sobre a base da reciprocidade mutua entre as partes, polo que deberá existir un equilibrio no número de alumnos recibidos e enviados por cada institución. No caso de que non participasen alumnos da USC na outra institución nun período establecido o Convenio podería ser causa de resolución.

Artigo 14. Convenios de dobres titulacións para os estudos de grao e máster

Poderán establecerse convenios para a impartición e recoñecemento de estudos que poden dar lugar a dous títulos diferentes sempre que se cumpran as condicións académicas establecidas na correspondente regulación do título universitario.

O establecido neste precepto non é aplicable para títulos conxuntos nin títulos Erasmus Mundus, que se regularán pola súa normativa específica.

14.1 Admisión de estudantes.- O número máximo de estudantes que se admitirá en cada curso académico será o que determine o Convenio para o que se establecerá a correspondente cota no proceso xeral de admisión.

Os alumnos matricularanse das materias que segundo o Convenio se determine en función do semestre que deban cursar na Universidade de acolida. Os prezos públicos serán aboados en cada unha das universidades nas que se matriculen. O Convenio determinará a matrícula e os requisitos que deben cumprir os estudantes para ser aceptados no programa.

Os estudantes que pretendan acceder a unha titulación con Convenio de dobre título da USC deberán reunir os requisitos de admisión establecidos na normativa e os que especificamente determine o Convenio que as regula.

Corresponde á Comisión Académica da titulación propor os estudantes para a súa admisión, que resolverá o Reitor ao través do Servizo de Xestión Académica previa verificación de todos os requisitos.

Artigo 15. Créditos mínimos a cursar

15.1 Os estudantes doutras titulacións/universidades que aspiren a obter un título oficial de grao na USC no marco dun Convenio de dobre titulación deberán necesariamente cursar e superar na USC a totalidade dos créditos sinalados no convenio, sendo requisito mínimo indispensable que polo menos curse 60 créditos ECTS no caso das titulacións de grao (dous semestres completos) ou un mínimo de 30 ECTS nos títulos de máster universitario. Nos créditos que os estudante deben cursar nas universidades de acollida poden incluírse os correspondentes ao Traballo fin de Grao e Traballo Fin de Máster.

15.2 Os estudantes da USC para obter unha dobre titulación no marco dun convenio deberán ter superados na USC 3 cursos de grao ou 180 ECTS. En casos excepcionais, a proposta do/a Coordinador/a da titulación, a Vicerreitoría con competencias na materia podería incorporarse á universidade de acollida con menos de 180 ECTS superados, pero en todo caso deberá ter superados 120 ECTS. No caso das titulacións de máster os estudantes da USC deberán ter superados o 50 % do total de créditos ECTS da titulación. O convenio deberá indicar o recoñecemento ou non do TFG ou TFM no caso de que o estudante o realice na universidade de acollida.

Corresponderá á Comisión Académica do Máster determinar se autorizan ou non, nos mesmos termos que para o grao, unha matrícula adicional para completar a totalidade dos créditos ECTS que fixa o Convenio de dobre titulación.

15.3 A comisión da titulación poderá autorizar, que o estudantado admitido no programa de dobre titulación, previa xustificación, poida prorrogar estes prazos (os dous semestres/cuadrimestre nos graos ou o semestre/cuadrimestre no caso dos másteres) para a obtención dos ECTS que determina o Convenio. Esta prórroga non poderá ser superior a un curso académico adicional.

Artigo 16.- Normativa Académica, avaliación e permanencia.

Os estudantes de grao e máster universitario que se matriculen na USC acollidos a un convenio de dobre titulación seralles de aplicación as mesmas normas que aos demais alumnos da USC.

Os estudantes que se acollan a este programa de estudos deberán acreditar ter cuberta a asistencia médica e sanitaria en casos de accidente ou enfermidade durante a estadía na cidade na que radique a universidade de acollida; na USC deben subscribir o seguro obrigatorio.

Artigo 17.- Competencia lingüística

As Universidades participantes nun convenio de dobre titulación establecerán os mecanismos necesarios para garantir que o alumnado

seleccionado para cursar a dobre titulación posúe a competencia lingüística necesaria para seguir con normalidade os estudos na universidade de acollida (no caso de que a titulación se imparta nunha lingua distinta das oficiais da USC). A estes efectos corresponderá ao estudante admitido acreditar a competencia lingüística mediante o sistema que se determine.

Artigo 18.- Prezos Públicos

Os prezos públicos que deberán aboar os estudantes que se matriculen na USC por mor dun convenio de dobre titulación serán os que estableza o Decreto da Comunidade Autónoma e as normas da USC para a titulación correspondente. Os prezos na Universidade de acollida deberán aboarse nesa Universidade e polo importe que alí teña establecido a normativa que sexa de aplicación. As partes, mediante o establecido no convenio, poderán estipular especificidades para a liquidación de prezos públicos.

Todos os estudantes, os da USC e os de acollida deberán aboar as taxas de secretaría e as que correspondan á expedición de títulos.

Non se abonará ningún tipo de prezo público nin taxa polo recoñecemento dos créditos que establece o Convenio correspondentes ás materias superadas na outra institución.

Artigo 19. Expedición do título e do Suplemento Europeo ao Título.

A expedición dos títulos obtidos ao abeiro do programa realizarase consonte á normativa vixente.

Os títulos que se expidan acompañaranse do correspondente Suplemento Europeo ao Título.

Artigo 20. Sistema de cualificacións

Aos estudantes matriculados na USC en virtude do convenio de dobre titulación aplicaráselles o sistema de cualificacións vixente regulado consonte ao RD 1125/2003, de 5 de setembro polo que se establece o sistema europeo de créditos o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As materias ou créditos ECTS recoñecidos terán a equivalencia en puntos correspondentes á cualificación obtida no centro onde se cursaron, logo da aplicación da táboa de equivalencia de cualificacións que figura no Convenio nas universidades españolas.

As matrículas de honra que obteñan os estudantes do programa deberán computarse xunto coas dos demais estudantes matriculados nas materias.

No caso de que tras a aplicación da táboa de recoñecemento que establece o convenio de dobre titulación, os recoñecementos de créditos ECTS se realicen entre un bloque de materias, a cualificación que se incorpore ao expediente do estudante en cada unha das materias do bloque será a media ponderada de todas as materias superadas do bloque que se recoñecen.

CAPITULO IV PROGRAMAS PARA PERSOAS DE ALTAS CAPACIDADES

Artigo 21. Programas para persoas de altas capacidades

A USC poderá establecer programas específicos para persoas con altas capacidades que lles permitan cursar simultaneamente as titulacións que se determinen.

Así mesmo, os estudantes que acrediten altas capacidades poderán solicitar individualmente cursar de forma simultánea varias titulacións . Neste caso, os centros afectados aprobarán un programa académico específico para estes estudantes.

O procedemento destes programas persoais regularase na convocatoria de matrícula.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A USC poderá aprobar cotas para a admisión de estudantes por outras vías de acceso (validación de estudos, ...) nos programas de simultaneidade de estudos. Estas cotas poderán establecerse no ano seguinte ao primeiro ano académico de implantación do programa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Autorízase ao Reitor para a ditar as correspondentes resolucións no desenvolvemento desta normativa.

Corresponderá á Vicerreitoría con competencias na materia, ou á Secretaría Xeral de ser o caso, a interpretación e resolución das cuestións que se formulen para a aplicación desta norma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os artigos 5 e concordantes do presente Regulamento entrarán en vigor o mesmo día da futura modificación sobre este tema, de selo caso, da *Normativa sobre Permanencia nas Titulacións de Grao e Máster*, aprobada polo Consello Social do 5 de xuño de 2012.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento será de aplicación aos títulos regulados polo RD 1393, modificado polo RD 861/2010.

Coa aprobación deste Regulamento queda sen efecto a “**Normativa sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC**” aprobada no Consello de Goberno do 19/06/2013.